



Axudas autonómicas para emendar os impactos urbanísticos



Páxina V

A Xunta presenta no Carballiño o "Bonos activa comercio"



Páxina X

A Xunta respalda no Parlamento o proxecto do Parque Acuático de Monterrei



Páxina XI

Monforte presenta a nova maquinaria para limpeza viaria



Páxina XII

Difusión da figura do trovador Martín de Pedrozelos



Páxina XIII

Mellora de camiños que beneficiarán ás 22 parroquias de Sober



Páxina XIV



Federación de Libreiros organiza 12 Feiras do Libro de Galicia

Páxina II



Europa aplaude o impulso do Lugo+Biodinámico

Páxina X



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Miscelanea

Federación de Libreiros organiza 12 Feiras do Libro de Galicia

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, e a presidenta da Federación de Libreiros de Galicia, a ourensá Pilar Rodríguez, asinaron un convenio polo que a Xunta colaborará con 120.000 euros na celebración das 12 citas que compoñen este ano o calendario das Feiras do Libro de Galicia, das que o Goberno galego é a principal institución patrocinadora. O obxectivo deste apoio, enmarcado no Plan de reactivación para o sector cultural, é achegar o libro á cidadanía a través da exhibición, difusión e comercialización profesional.

O titular de Cultura da Xunta de Galicia salientou que este apoio reflicte o firme compromiso da Administración autonómica co sector cultural, pois asegura a

realización de citas culturais que buscan dar a coñecer “o mellor das nosas letras mediante a promoción dos autores, o impulso de certames literarios e premios ou a posta en valor do traballo feito polos profesionais do sector do libro ao tempo que se fomenta a lectura e se potencia a cultura literaria entre a sociedade”.

O investimento feito pola Xunta para apoiar a celebración destas feiras forma parte, tal e como sinalou Román Rodríguez, dunha intensa e permanente cooperación co sector do libro co fin de paliar os efectos da pandemia e favorecer a súa recuperación. Así, tal e como precisou, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina este ano preto de 1,4 millóns de euros para impulsar actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas, mellorar as súas

colecións e subvencionar a compra de novidades editoriais.

Ademais, tamén está en marcha unha liña de axudas para a tradución de obras xa publicadas e nos vindeiros meses abranse varias convocatorias de subvencións dirixidas a gastos de edición, distribución e comercialización; facilitar a asistencia de escritores a festivais e feiras ou axudar ás librarías a realizar actividades de difusión.

Catro citas máis no calendario O circuío das Feiras do Libro de Galicia 2021 está composto por 12 citas, catro máis que o pasado ano. A primeira delas foi en Ferrol e a continuación pasará por Santiago, O Porriño, Ourense, Redondela, Vigo, Ponteareas, Rianxo, A Coruña, Viveiro e Foz. A última feira terá lugar no mes de agosto en Monforte de Lemos. Ademais, o sector literario de Ga-



Pilar Rodríguez e Román Rodríguez na sinatura do convenio.

licia tamén estará presente nas Feiras Liber, en Madrid, e de Frankfurt, previstas para o vindeiro mes de outubro.

Día do Libro nas bibliotecas

A sinatura deste convenio coincidiu coa véspera do Día internacional do Libro que a Xunta celebra cun amplo abano de actividades online abertas a toda a cidadanía co fin de fomentar a lectura entre a sociedade e seguir dándolle todo o protagonismo que merece. Nesta ocasión, incídese na importancia que tiveron os libros desde o inicio da pan-

demia, un tempo no que medraron os índices de lectura segundo un estudo do Consello da Cultura Galega. Co gallo desta efeméride, a Xunta desenvolveu a campaña “Grazas por non fallarnos nunca” que reflicte precisamente o papel xogado neste ano.

Así, as bibliotecas, museos e arquivos xestionados polo Goberno galego contaron estes días cunha programación que inclúe mostras, encontros, obradoiros, contacontos, concurso en redes sociais, publicacións ou recomendacións literarias.

MARTIRENA



FUCO PRADO



Por Amador Rego Villar-Amor

A extrema dereita

Pregúntome se Vox é extrema dereita, digo tamén se Podemos é extrema esquerda. Vai sendo hora de que haxa máis respecto aos partidos políticos. É moi triste despois da dura e salvaxe lección da pasada guerra incivil, non se poidan sacar mellores leccións.

A primeira lección sacárona os sobreviventes daquilo, cando regresan do exilio á morte de Franco, que aproveitou para dicir que o puideron facer en abril de 1969, despois do amplísimo indulto emitido polo goberno logo de 30 anos de paz. Sae publicado no BOE n-78 do 1 de abril.

Cando me refiro aos primeiros que aprenderon a lección, repito foron os exilados que ao regresar danse a man cos herdeiros do réxime de Franco, moi conscientes tamén de que había que perdoar e

esquecer e pensar en futuro que non era outro que o dos seus fillos e o de España. Non me canso de lembrar ás persoas que regresan do exilio, con ese afán de xenrosidade despois do que padeceron, e como non tamén os que saen dos cárceres, e poño o exemplo máis que exemplar de Marcelino Camacho Abad.

A esquerda deste país desde sempre non admite á dereita, non así a dereita que aínda de mala gana admítea mellor. Véxome obrigado a facer algo de historia, pois parece que se descoñece a pesar dos recursos que se invisten na educación, que vexo que lonxe de educar, adoutrínase e iso leva a algo moi malo que é contar mentiras e encima a outro pecado que é o sectarismo, que é cando unha persoa que incapaz de ver as calidades doutras, aínda

que estas teñan pensamentos políticos moi distintos.

Cando en novembro de 1933 gana limpamente Ceda, co voto da muller por primeira vez, algo conseguido nunha sesión do congreso despois dunha discusión entre a Clara e o Ovo (refírome a Vitoria Kent Siano con Clara Campoamor Rodríguez) que era a que defendía o voto feminino, que todo hai que dicilo ten que escapar de España en setembro de 1936 para non ser asasinada polos seus; ten graza. Clara ten documentación escrita sobre as lindezas daquel sistema, que deixa moi atrás a Luís Pío Moa Rodríguez. Aclaro algo, se coñecía a ambas as mulleres como a Clara e o Ovo.

Vox non é extrema dereita; é a dereita á que a esquerda non estaba afeita convivir; que non está por consentir, calar, tolerar, permitir o que outra dereita toleroulle. Este partido respecta as leis, a

Constitución; quere que os órganos superiores da xustiza sexan nomeados polos seus propios membros non pola clase política. Defende a lingua, a bandeira, a historia real de España, a liberdade de educación, a igualdade de todos os españois, o control da emigración, a mellor xestión dos impostos, a defensa das forzas armadas e de orde; a Monarquía, a integridade da nación, a Igrexa católica moi unida á nosa historia desde fai máis de mil anos, a defensa da muller coa protección para poder parir e corrixir do déficit de poboación, os castigos exemplares aos que atentan contra ela e moito máis que dicir, como é o respecto á Transición que é unha de mellóralas páxinas da nosa historia, despois da peor que foi a guerra incivil.



Por Xosé-Bieito Coello Coello

Galicia non debería venderse

Fai anos, nalgúns manifestacións escoitábase: Galicia non se vende. Dende aquelas, seguiu vendéndose, ou máis ben regalándose: bancos, caixas de aforros, empresas, ríos, minas, zonas da nosa costa, etc, etc, e o grave é que foi coa complicidade da Xunta en mans do PP.

Xa pouco queda, como recurso valioso, que non se atope en mans foráneas. Pese a todo algo permanece sen explotar, por exemplo, algúns montes onde aínda non se tiñan colocado parques eólicos, e que neste intre estanse iniciando os trámites para practicamente enchelos todos de aeróxeradores.

Vaia por diante que isto non é oposición á enerxía eólica, porque é das menos contaminantes, non obstante os muíños teñen que poñerse seguindo unhas condicións

moi estritas: paisaxísticas, sen alterar o patrimonio arqueolóxico, urbanísticas -distantes das vivendas-, que non interfiran outros cultivos agrarios valiosos, etc, e que a maioría das veces non se respectan. Con todo, o peor é que a maioría destas empresas multinacionais coloniais, que os instalan e explotan, veñen aproveitarse dunha inmensa riqueza, -en Galicia hai moito vento e isto é unha enerxía infinita-, pagando polo terreo unha miseria. De feito cando non se acepta a negociación de compra co propietario e se chega á expropiación, o terreo de afectación dos muíños declárase como rústico de moi baixo valor, que despois pasa a industrial unha vez construído o parque eólico.

O terreo tiña que valer polo valor que vai xerar no futuro, por iso os propietarios

e as comunidades de montes xamais deberían vender, e si deberían chegar a acordos de aluguer coas empresas explotadoras desta enerxía, en relación ós kw. producidos por aeróxerador. Esta é unha practica moi común noutras comunidades do resto do Estado, que por certo, teñen menos vento que neste país. Para iso teríase que contar coa Xunta que debería defender os intereses dos propietarios e dos Concellos, que tamén son afectados, o que a súa vez contribuíría moi eficazmente a unha protección real do noso rural, e non defender só as empresas. Unha medida interesante sería impedir as expropiacións salvo nalgún caso moi especial, pois con elas, non se defenden intereses públicos, senón exclusivamente privados, e tamén esixírlle ás empresas que os compoñentes dos muíños se constrúan en Galicia.

Que ninguén esqueza, que un monte con vento, -en diferente escala-, é como

si fora un pozo de petróleo, mais coa vantaxe que enerxéticamente non se acaba, o que lle da un valor enorme comparado co dun monte rústico improdutivo, por iso empresas como unha de Noruega, queren instalarse en Pena Trevinca, e noutros lugares, porque o terreo lle resulta moito máis barato que no seu país, onde posiblemente por motivos paisaxísticos non lle permitan colocar os aeróxeradores.

Por certo, vivo nun Concello onde si subimos ó monte Caxado, só podemos ver piñeiros, moitísimos eucaliptos e un enorme bosque de parques eólicos, que practicamente non deixan ningún beneficio en relación ó que xeran para as empresas propietarias. Este é o paisaxe da Galicia do futuro?



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Biden, 100 días

Desde mediados da década de 1950, en EE.UU predomina unha especie de termómetro de avaliación presidencial: os denominados "100 días", que fiscalizan ante a opinión pública a xestión dunha nova presidencia na Casa Branca. Hoxe, no 2021, e trala turbulenta etapa marcada pola presidencia de Donald Trump, o demócrata Joseph Biden acaba de cumprir os seus primeiros cen días na presidencia, rodeado dun elevado nivel de expectativas.

De Biden agárdanse moitos cambios nunha sociedade estadounidense cada vez máis complexa e politicamente polarizada tralos embates da "era Trump". Así e todo, os EEUU manéxanse cun elevado nivel de equilibrios institucionais e de contrapesos políticos, unha realidade que o "trumpismo" esforzouse por derrubar, con resultados aínda pouco claros para ser analizados con certitude.

Por tanto, para Biden e o gobernante Partido Demócrata, baixar a tensión e o ton confrontativo instalado polo "trum-

pismo" asumíase como unha tarefa inmediata. Neste sentido, pode dicirse que nestes "100 días", Biden ten avanzado nesa dirección. Toda vez, a xestión da pandemia (vacinación masiva mediante) e as tensións raciais, motores do descontento contra Trump en 2020, son outros dos factores que o tandem presidencial Biden-Kamala están abordando como prioridades.

Non obstante, a política exterior de Biden, que aposta pola volta ao multilateralismo sobre o "unilateralismo/aislacionismo" de Trump, ten outras vertentes, mais tonificadas de claroscuros. A penas asumida a súa presidencia, Biden anunciou que "EEUU está de volta", desmarcándose do legado de Trump e abrindo canais de comunicación con Europa, a OMS sobre a pandemia e a ONU en materia de cambio climático.

Non obstante, a política exterior de Biden non escapa das tensións. Un caso son as actuais friccións con Rusia, herdeiras da "era Obama" na Casa Branca. Cualificar

a Putin de "asasino", tal e como declarou Biden tras unha entrevista, non é precisamente un síntoma de cordura. As relacións entre Washington e Moscova están no seu nivel mais baixo e delicado, con acusacións mutuas, expulsións de diplomáticos e choques de intereses en Ucraína, que involucran tamén á UE e á OTAN.

Paralelo a isto está China. O pasado 28 de abril, durante o seu discurso ante o Congreso, Biden definiu que a carreira de EEUU para "gañar o século XXI" para por afrontar o reto dunha China en ascenso. Probablemente con menos tensión que no caso ruso, Biden sabe que China será o seu principal rival exterior e a "dor de cabeza" de Washington para os próximos anos. Pero tamén hai unha chave xeopolítica: o cada vez maior achegamento entre Rusia y China a través dunha especie de eixe euroasiático que confronte á tradicional hexemonía atlantista de Washington. Un 40% dos rusos consideran a China como o principal aliado exterior do seu país.

Toda vez, Biden debe medir os contrapesos políticos internos. Non está claro que o "trumpismo" desaparecera politi-

camente do escenario estadounidense unha vez Trump deixara a Casa Branca. Para medir este termómetro, unha chave electoral a longo prazo será os comicios do "mid-term" da metade do seu mandato en novembro de 2022, cando deba renovarse por completo o Congreso e un terzo do Senado. Aí verificarase con maior exactitude se estamos ante un pulso de forzas políticas alén do binomio demócratas-republicanos, e se os "trumpistas" aínda teñen peso político. Deses resultados dependerán tamén as cábalas electorais para a presidencia na Casa Branca en 2024.

Polo pronto, o momento é o de Biden. Pero tamén da súa vicepresidenta, unha Kamala Harris que semella prepararse tamén para o mando, toda vez aparecen de xeito intermitente as sospeitas sobre a saúde do presidente. A Casa Branca deu un cambio visible de Trump a Biden. Pero queda por ver se ese cambio tamén se observa na propia sociedade estadounidense.



Por Ramón Coira Luaces

Non á explotación neocolonial de Galiza

A extensión dos eucaliptos significan a destrución do noso país. Arrasan con todo e favorecen os incendios. E a extensión dos parques eólicos son outra declaración de guerra. A Xunta do PP vende a

nosa terra. Hai que acabar con eles nas urnas ou eles acabarán con nós. Apoiemos ao BNG e ás protestas ecoloxistas e das plataformas cidadáns. Eu son socio activo de ADEGA e socio pasivo de Verdegaiá. Pero

isto non vai só contra a nosa sensibilidade ecolóxica, vai contra todo o país. Temos que erguer os brazos e defender a terra desta explotación neocolonial. A defensa do planeta contra o cambio climático empeza en Galiza con esta loita. Non nos achiquemos e demos a cara, pois a loita cívica é o único camiño. Asistide ás asembleas, ás manifestacións,

asinade nas recollidas de sinaturas,... Que non se diga somos un pobo derrotado que consente a destrución do seu país. Loitemos como galeg@s e veremos a nosa terra florecer.



Man tendida á esquerda española

Coido que debemos que chegar a acordos coa esquerda española en materia laboral ou de xustiza social, ecoloxista, feminista, lingüística, liberdades e dereitos humanos, acordos de gobernanza nas institucións, etc. Estou

convencido de que é a única estratexia gañadora, a única que preservará a paz e a única que nos permitirá derrotar a dereita e ultradereita. Porén coido que non debemos repetir mimeticamente estratexias do pasado. Cada momento e cada país ten as

súas. O BNG xa fixo isto que digo en moitas ocasións e eu apoio iso. Porén ás veces non é posíbel, por mor das discrepancias insalváveis, e se non que llo digan á CIG... Pode haber momentos de amor e momentos de desamor, porque temos prioridades e obxectivos distintos. O que nos une e iso hai que telo presente é que tod@s estamos confrontad@s co fascismo. As miñas

críticas ou ataques foron porque para min "liberdade, igualdade e fraternidade" significan cousas distintas do que significan para vós. E porque a miña prioridade é Galiza e a xustiza territorial. Se fun inxusto, sintoo. Tod@s temos moito que perder ou moito que gañar, pois o fascismo non é unha opinión máis, o fascismo é un crime. E a memoria é todo.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Axudas autonómicas para emendar os impactos urbanísticos

Por primeira vez a Xunta de Galicia convoca unha orde de axudas para emendar e corrixir máis de 300 impactos paisaxísticos nos concellos galegos, á que destina 1 millón de euros. Gabriel Alén, delegado de Xunta e Patricia Torres, alcaldesa de Boborás, animaron aos veciños a solicitar esta orde de axudas para que os cidadáns leven a cabo pequenas intervencións nas vivendas e inmobles da súa propiedade, co obxectivo de mellorar visualmente a edificación e evitar un punto de impacto na contorna na que se asentan.

Alén recalcou que “ata o 31 de maio, os particulares ou co-

munidades que desexen acollerse a esta liña de axudas poden presentar a súa solicitude, que cubrirá o 70% do importe global da proxecto de mellora paisaxística, que poderá incluír unha ou varias actuacións, e que, en todo caso, non superará os 3.000 euros por solicitude”. Aos interesados só se lles poñerá unha condición: a actuación deberá adaptarse aos criterios que fixan a Guía de cores e materiais de Galicia e a Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística.

Así, aquelas persoas que desexen cambiar un tellado ou mellorar o aspecto da medianeira do seu edificio poden pedir axuda

para o tratamento da mesma; no caso de que unha persoa teña a fachada da súa vivenda con ladrillo á vista tamén pode solicitar unha subvención para revistar e pintar a fachada, así como para cambiar a tonalidade da pintura e renovar o exterior, seguindo a solución que a Guía de cor propón para a súa contorna.

Esta nova orde busca o esforzo e a implicación de todos para incrementar o valor patrimonial dos inmobles e da paisaxe de Galicia. Nese sentido, Gabriel Alén animou aos veciños de Boborás e de todo Ourense a levar a cabo este tipo de intervencións, axudándolles a asumir o custo que implica, e



Patricia Torres e Gabriel Alén no centro da foto.

para o que deberá seguir unha tramitación fácil e simple, posto que só deberán presentar unha pequena memoria explicativa da actuación, unha reportaxe fotográfica, a factura da actuación e a xustificación do pago.

Así mesmo, o representante do Goberno autonómico tamén incidiu na importancia da colaboración dos concellos, a administración

máis próxima aos cidadáns, axilizando as xestións e trámites que son da súa competencia, como as autorizacións de carácter municipal que sexan necesarias para o desenvolvemento deste tipo de actuacións. Ademais, recalcou a necesidade do seu apoio para divulgar a información relativa a esta convocatoria de axudas entre os posibles beneficiarios.

O río Xares, no Concello do Bolo, terá nova ponte

A Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia achegarán dous terzos dos máis de 462.000 euros orzamentados para a construción dunha nova ponte sobre o río Xares, no Concello do Bolo, que substituirá ao actual paso, pechado ao tránsito de persoas e vehículos desde decembro de 2019 tras colapsar como consecuencia do forte caudal alcanzado por unha intensa borrasca. Así o acordou a comisión de seguimento promovida desde a Deputación de Ourense para ofrecer unha solución aos habitantes das zonas afectadas. A comisión está composta por o vicepresidente da institución provincial e presidente da comisión, Rosendo Fernández; o delegado da Xunta de Galicia en Ourense, Gabriel Alén; o alcalde do Bolo, Manuel Corzo; e os deputados dos grupos políticos con representación na corporación provincial.

Os asistentes tamén decidiron solicitar con urxencia unha reunión coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, institución



Reunión da comisión de seguimento.

que tamén forma parte da comisión, pero ausente nesta convocatoria e na sesión constitutiva, para coñecer a súa participación no financiamento do proxecto. Ademais, pedirán ao organismo de conca un informe sobre o acontecido na xornada do 20 de decembro de 2019, cando as fortes chuvias abriron unha profunda fenda no piar central da ponte sobre o río Xares que obrigou a pechar este paso da estrada municipal que une as localidades de Barxa e Seixo.

Grupo de traballo

A comisión de seguimento

constituíuse o pasado 9 de marzo no Concello do Bolo, dando así cumprimento ao acordo unánime do pleno da Deputación do 18 de decembro de 2020. Neste tempo, o grupo de traballo estudou a mellor fórmula para a reconstrución da ponte. Non obstante, os técnicos da Deputación desbotaron esta posibilidade polos importantes danos que presenta o paso, decidindo que a opción máis axeitada era o derrubido da actual estrutura e a construción dunha nova, cun orzamento de máis de 462.000 euros e un prazo de execución de catro meses.

A Festa dos maios deu a benvida á primavera



Maio pola rúa ourensá do Paseo.

A provincia de Ourense conmemorou o primeiro domingo de maio a chegada da primavera coa celebración de “Os maios”, festa de interese turístico de Galicia. Unha tradición moi arraigada na provincia, na que a confección dos maios e o canto de coplas xa comeza na xornada anterior. Asociacións como Rebulir ou Cantádeme un maio programaron actividades ao longo da xornada axustándose as restricións que obriga a pandemia.

As coplas e a retranca foron protagonistas desta xornada por

diferentes rúas e prazas de Ourense grazas a iniciativas populares logo de que o Concello decidise cancelar oficialmente esta festa. A plaza de Don Bosco acolleu o maio da asociación xuvenil Amencer, protagonizado pola pulpeira. O mio dos alumnos do IES 12 de Outubro desfilou pola rúa Paseo.

A Asociación Cultural Rebulir de Ramirás celebrou o día 1 a actividade “Cantando o Maio”. Os participantes foron polo campo para recoller flores e dous obradoiros posteriores no recinto escolar de O Picouto para a elaboración dos maios, colares e coplas.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

175 anos da revolución democrática galega

Este abril cúmprense 175 anos da revolución de abril de 1846, que Francisco Tettamancy nomeou aqueladamente “a revolución galega de 1846” e que nós, dende a perspectiva deste 2021 ben a podemos chamar a revolución democrática galega de 1846.

No pasado faltou certa historiografía que negou a galegitude desta revolución e inseriu estes feitos na liorta política estatal entre os partidos moderado e progresista, liorta que se trasladou ao longo de máis de sesenta anos do século XIX a cadansúas faccións do Exército español, que puñan e guindaban gobernos a medio de continuos pronunciamentos.

Mais a revolución galega de abril de 1846 non se insire nesta tirapuxa de pronunciamentos senón que se alicerza nunha tépeda rede civil e mesmo nun moi salientábel apoio popular. Por unha banda, as unidades militares alzadas encádranse nun Exército Libertador de Galicia, dependente dunha Xunta Superior de Goberno

de Galicia (constituída o 15 de abril) que declara nulos os actos do Goberno central, pon as Xuntas revolucionarias locais ás súas ordes e ordena constituir novos concellos, sen recoñecer ningunha caste de Superioridade. Por outra banda, os profesores e estudantes da Universidade compostelá intégranse nun Batallón Literario de 300 prazas, mentres moitos comerciantes, artesáns e mesmo labregos constitúen os novos concellos suxeridos pola Xunta. A correspondencia entre o xeógrafo Domingo Fontán e o seu irmán Andrés relatando como os obreiros da súa fábrica de papel de Lousame constitúen unha nova Xunta municipal é boa proba deste apoio popular.

Converxen no discurso desta Xunta Superior do Reino de Galicia a ideoloxía democrática representada no seu presidente, Pío Rodríguez Te-

razo, primeiro alcalde constitucional de Compostela no 1834 (e tataravó do noso creador cultural multimedia Antón Reixa) e a ideoloxía nacional galega do provincialismo dos mozos da xeración de Antolín Faraldo, secretario da Xunta, autor dos seus manifestos no seu xornal oficial La Revolución. Xa que logo, como revolución democrática, o 1846 galego está moito máis conectado coa revolución do 1848 francés ou austriaco ca coa historia dos pronunciamentos militares españois. E como revolución nacional galega, ten moito máis a ver co proceso de unidade italiano reactivado por Cavour e Garibaldi no 1848-1849 ca coa propia historia do

XIX español.

Outro elemento que sinalou a diferenza con outros procesos españois foi a gravísima represión daquel abril de lume e ferro, non só presente no fusilamento dos líderes militares (os mártires de Carral), senón no tratamento que se lle deu á poboación civil (saqueo de Compostela o 26 de abril e graves abusos en Lugo despois da súa rendición sen combate o 28). Os exércitos de De la Concha actuaron como en terra extranxeira conquistada. Velaí, quizais, a causa das temperás medidas de indulto para os exiliados.

Foi a fusión destes elementos democrático e nacional os que atraeron ao relato democrático á seguinte xeración galeguista (Murguía, Rosalía de Castro, Pondal, Aguirre) e conectaron para o futuro o sector maioritario do protonacionalismo e do nacionalismo galegos cos ideais liberais e demócratas.

Coñecer o pasado é fulcral para entender o presente e gañarmos o futuro. E, tratándose do noso pasado, cómpre que sexamos nós quen o contemos desbotando o relato que nega a nosa existencia, a nosa orixe e o relato do que nós somos.



Artellarmos outra produción eólica

O Decreto eólico do goberno BNG-PSdeG do 2007 garantía xustos rendementos para os propietarios dos terreos e as comunidades locais onde se inserían, así como priorizar os mellores plans industriais, que garantían para o ámbito local e, en xeral, para Galicia un desenvolvemento industrial adicional á potencia eólica adxudicada. Mais Núñez Feijóo derogou as adxudicacións decididas ao abeiro deste Decreto, impedindo o desenvolvemento de plans industriais por 5.000 M€ que xerarían daquela uns 8.000 postos de traballo.

Arestora as enerxías renovábeis voltan estar na axenda. E iso está ben. Mais resulta que unha malfadada combinación da lexislación eléctrica española coa lexislación ambiental e de ordenamento territorial galega está a xerar unha enxurrada de proxectos eólicos ilegais, inviables e insostíbeis. Proxectos moitas veces xerados dende a simple especulación e que non atenden ao desenvolvemento económico sustentábel da Galicia ao que haberían de se subordinar.

Existen tamén proxectos con ilegalidades abondo. A defensa do ambiente e do patrimonio cultural (igrexas, castros, mámoas, camiños xacobeos...) han ir por diante,

como ordenan as Leis galegas 5/2016 do patrimonio cultural e 5/2019 do patrimonio natural de Galicia. Por outra banda, para tentar diluir sobre o papel o impacto am-



biental e na paisaxe algunhas das promotoras adoitan fraccionar macroparques inviables xuridicamente noutros menores, praxe xa condenada con pena de nulidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia). Arestora os proxectos dos parques Bustelo, Campelo e Toural, na bisbarra bergantiñá, os de Legre, Gasalla e Solpor (na de Ordes-Curtis) e Troitomil e outros nas terras da Baña-Negreira incorren nesta fraude de lei.

Sen contar os desaquelados impactos paisaxístico (arestora fan torres de 200 m., non as vellas de 30) e acústico, que fai imposible a vida nas aldeas da contorna.

Ou a inviabilidade das explotacións agro-gandeiras, porque desta volta queren facer parques eólicos nos prados das abas, xa non só nos cumios e curotas.

Se isto non se amaña imos ver un dos conflitos sociais máis importantes da historia contemporánea de Galicia. Porque moitos propietarios rurais, sindicatos agrarios, comunidades

de montes en común, alcaldes dos partidos todos e as forzas políticas de oposición van estar fronte esta enxurrada propia dos peores esquemas da explotación colonial, tendo en conta

que exportamos o terzo da enerxía eléctrica que producimos e non podemos beneficiar ás nosas empresas e á nosa cidadanía cunha tarifa eléctrica que compense os nosos custos ambientais e sociais.

Velaí que haberían ser as industrias galegas responsábeis as que haberían termar deste conflito e propor un marco legal, un auténtico pacto social, que regulara a explotación eólica na Galicia, alicerzado: i) nunha acaída compensación ás comunidades locais, propietarios individuais ou comunitarios e concellos atinxidos (Mazaricos só percebe 200.000 € da Xunta dos 700.000 € que ésta recada polo canon eólico no

seu territorio) ii) nun pacto pola reindustrialización- sectorial nas renovábeis e xeral a medio dunha tarifa eléctrica industrial de noso- e iii) nunha volta ao modelo do goberno bipartito priorizando na escolla eólica ás empresas vencelladas á economía produtiva galega.

MARTIRENA





EDITORA
TRADUTORA
POETA

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DEDICADO A XELA ARIAS

Muller polifacética das nosas letras, mestra
de poesía e de vida dun pasado moi presente.

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22  galiciacalidade

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

A gastronomía e a literatura

A cociña e a alimentación aparecen frecuentemente nas obras literarias. A literatura e a cociña non están rifadas, quizá por iso desde tempos inmemorables as avoas escribiron as súas receitas nun libro. A intención da literatura é darlles contexto e vida a esas receitas, que lle darán un novo significado á frase “gozar dun libro”. Tanto a cociña como a literatura aliméntannos e dannos felicidade; forman parte relevante da vida real e a imaxinaria, por exemplo, na súa relación co amor, a comida resulta dun efecto curativo e alentador, por algo ben din que “o amor comeza no estómago”. Os personaxes gozan a comida, cúranse, namóranse e “as penas con pan son menos”. En Ourense hai restaurantes que dispoñen dun servizo de lectura.

A Consentida

A Consentida ofrece na súa



La Consentida.

carta comida castelá, cordeiro ao forno, chuletón de tenreira, bacallau ao forno e cabrito. Para lectura Roberto ofrece: prensa, revistas, novelas en xeral e policíacas, narrativa, ensaio e unha colección de libros de autores españois.


Demamaluís

Ademais de tosta de salmón, torreznos e chicharróns lóstrego, Luís ofrece lectura de guías de viaxes, libros sobre dereitos do consumidor, guía de hostalería

de Galicia, Camiños do Courel e A Videira e o viño, de Elixio Rivas Quintas editado por Abeleda Edicións.

Albor

No bar da sociedade cultural, deportiva e recreativa Rosa e Daniel ofrecen almozos e tapas. Como lectura dispoñen da Enciclopedia Galega, Nocturnos de Galicia iluminada, Descubrir España, Agora Ourense, Ourense unha ponte ó século XXI e O Liceo de Ourense.



Albor.



Demamaluís.





Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Denominación de Origen





BAR ALBOR

Almozos - Petiscos



Rúa Greco, 7 O COUTO
697 27 29 47 Ourense



LA MAMMA CONSENTIDA

Cervecería
Cafetería
Pizzería
Restaurante

Rúa Valle Inclán, 21
988 006 173.
OURENSE



DEMAMALUIS

Delicatessen

Reparto a domicilio
Terraza
Estamos en Instagram

Viriato, 11
Casco Vello
988 61 61 68
Ourense

O despegue da hostalería ourensá

A hostalería ourensá revive coa baixada de restricións obrigada pola pandemia. O sector encara os novos tempos con entrega aos clientes e ilusión no seu traballo cotidián. Os profesionais ofrecen os seus mellores produtos e a súa recoñecida profesionalidade.

Km0. Amalia Vidal e Roberto Fernández abriron hai 6 anos a hamburguesería. Ofrece bocadillos especiais (de croquetas, ovos fritos, revoltos de gambas, moruno, raxo, de polbo á feira co afamado queixo de Amalia (Praza de Abastos) e 20 variedades de hamburguesas con distintos ingredientes. Dispón de terraza e dous comedores interiores con capacidade total de cen comensais. Desde sempre reparten pola cidade e a Valenzá (Barbadás) comida a domicilio.

O Trasnó ofrece petiscos de orella, morro, polbo, tortilla e solombo con queixo Arzúa; hamburguesas simples e completas; Táboas de queixo e mixtas; Racións de luriñas, zamburiñas, polbo, morunos, alitas de pito, espetadas de pito, croquetas e tortilla española. De sobremesa tosta caseira, queixo con marmelo e tosta de queixo con arando.

O Capricho dispón de bacallau ao forno e capricho ibérico; ovos rotos; hamburguesas de boi, de angus, de porco ibérico e vegana; Lasaña vexetal e de carne; tostas e pizzas; zamburiñas, luriñas,



Entrada a O Trasnó.

gambas ao allo; táboa de ibéricos; ensaladas de ventresca de atún, de bacallau e de burrata con tomate.

Fuentefría. En Bar Fuentefría Susana e Víctor, que cumpriron anos a mesma semana, celebraron a data cos seus amigos José e Antonia. Degustaron as delicias que prepara Alex: salmón con foie, empanada de congrio e vieira, xamón asado con must, anchoas afumadas e tosta de cabala. Os callos quedaron para outro día.



Aniversario en Fuentefría.



Roberto e Amalia de Km0.



A Xunta presenta no Carballiño o “Bonos activa comercio”

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, informou no Carballiño da posta en marcha do programa Bonos Activa Comercio por parte da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación co obxectivo de favorecer e impulsar a reactivación do comercio local e de proximidade. Esta iniciativa despregará un total de 330.000 bonos, orientados a todas as galegas e galegos maiores de idade, cun orzamento total de 10 millóns de euros.

Acompañado do alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, e de Julián Garriga, presidente do Centro Comercial Aberto, o delegado territorial visitou o establecemento de venda de roupa “Kirschen”,

onde detallou todas as cuestións desta medida, que se poden consultar na páxina web www.bono-sactivacomercio.gal. Os comercios interesados en adherirse a esta campaña teñen aberto o prazo de inscrición ata o 15 de maio.

Gabriel Alén subliñou que a Xunta é perfectamente consciente de que os efectos da pandemia durante o último ano, así como as necesarias medidas restritivas para protexer a saúde dos cidadáns, están a menoscar o volume de negocio das tendas e dos comercios e por iso, dado o seu compromiso co sector e a mellora da situación pola chegada das vacinas fronte á covid-19, cremos que é o momento de incentivalo con esta importante inxección económica a través dos

ciudadáns, aos que lles pido que aposten polo comercio local”,

O representante do Goberno galego tamén indicou que en canto aos consumidores, deberán darse de alta no portal dos Bonos Activa Comercio en Internet facilitando os seus datos ou de xeito presencial nas sedes da Dirección Xeral de Comercio ou as xefaturas territoriais da Consellería. A partir da próxima semana, poderán descargar o bono de 30 euros, que ten formato dixital a través dun código QR que estará dispoñible para a súa utilización na aplicación móbil Wallet, e gozar de descontos nas súas compras -a pagar en efectivo ou con tarxeta bancaria- nos establecementos adheridos -a previsión é que os clientes poidan usar o bono a partir da primeira



Francisco Fumega e Gabriel Alén.

semana de maio-. As rebaixas serán de 5 euros para as operacións iguais ou superiores a 30 euros e de 10 no caso das compras iguais ou superiores a 50.

“Presentamos unha medida novidosa e excepcional, pero cremos que a situación o require para animar o consumo e empuxar ao comercio local, que é garantía de calidade e o que dá vida ás nosas

vilas e aos nosos barrios”, sinalou o delegado territorial, que detallou que, se a campaña culmina con éxito e se emprega o 100% da contía dos bonos, “inxectaranse, só con esta iniciativa, ao redor de 55 millóns de euros nos establecementos de proximidade, o cal consideramos un punto de partida máis que interesante para a reactivación do sector”.

Europa aplaude o impulso do Lugo+Biodinámico

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, sinalou que as actuacións, “transformadoras para a cidade”, permiten apreciar “un Lugo combativo e proactivo na loita contra o cambio climático”. A rexedora destaca que é un proxecto que tamén “dá oportunidades á cidadanía, que xera economía e emprego a través dos recursos naturais”.

Europa aplaude o impacto que está a ter o proxecto LIFE Lugo+Biodinámico, do Concello de Lugo, no impulso do uso da madeira na construción e, polo tanto, o que supón de impulso tamén para o sector forestal. Manifestouno Dimas Ramos, monitor da Axencia Europea Executiva do Clima, da Comisión Europea, que participou nas comisións de xestión e de dirección do LIFE, esta última presidida por Lara Méndez.

“Europa está moi atenta ao proxecto de Lugo, que busca naturalizar as cidades”, comentou o monitor, que incidiu que se apostan polas “urbes máis abertas, sostibles e agradables para a cidadanía e a súa contorna era unha liña moi clara europea, trala pandemia se ve que é aínda máis importante”. No caso da estratexia impulsada pola rexedora de Lugo, sinalou que “un dos maiores impactos que está a ter é que se empeza a ver a madeira, non só como un material de uso tradicional e de adorno, senón como un material avanzado e moderno para a construción”.

Redución de emisións

O uso da madeira e o seu valor na loita contra o cambio climático grazas á redución das emisións de CO₂ e á súa eficiencia enerxética son algunhas das claves des-

tacadas. Neste senso, durante o desenvolvemento das comisións se puxeron como exemplo o edificio municipal Impulso Verde e a construción do barrio multiecolóxico, o primeiro de España. Así mesmo, explicouse o avance doutras accións, como a creación do bosque urbano das Gándaras, de 24 hectáreas, e a recuperación do humidal e a súa declaración como ENIL (Espazo Natural de Interese Local).

Lara Méndez incidiu en que o estudo das melloras ambientais que supoñen as distintas actuacións do LIFE Lugo+Biodinámico “serán tamén un revulsivo para seguir planificando a cidade sostible na que traballamos”.

Ademais, destacou “o efecto transformador medioambiental, social e económico desta estratexia para Lugo, que vai máis



Reunión do comité.

aló da súa duración e das súas actuacións, porque a converte nunha cidade combativa e proactiva na loita contra o cambio climático. Son proxectos que dan oportunidades, que xeran economía e emprego a través dos recursos naturais, como pode ser a madeira como elemento estrutural, sen esquecermos a parte social e de recuperación dos espazos públicos”.

No comité de xestión e de dirección do LIFE participaron, ademais, o concelleiro de Sosti-

bilidade Urbana, Álvaro Santos, e representantes das institucións que colaboran co proxecto, a Deputación de Lugo e a Universidade de Lugo, pola que acudiu M^a Dolores Vega e Antonio Rigueiro e Belén Feijóo, de Pemade, e a Universidad Politécnica de Madrid, representada por Luis Ruíz.

O monitor da Comisión Europea aproveitou a súa estancia en Lugo para coñecer sobre o terreo as actuacións desenvolvidas, como o Impulso Verde e o bosque urbano das Gándaras.

A Xunta respalda no Parlamento o proxecto do Parque Acuático de Monterrei

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, compareceu no Parlamento de Galicia para responder a unha pregunta sobre a valoración da construción, prazo e orzamento do Parque Acuático de Monterrei no Concello do Pereiro de Aguiar. Lete Lasa aseverou na súa intervención que a valoración do Goberno galego “é moi positiva baixo calquera prisma, nomeadamente, o do interese xeral da cidadanía”.

O secretario xeral incidiu en que a devandita obra, cun orzamento de preto de 10 millóns de euros cofinanciados entre a Xunta

de Galicia e a Deputación de Ourense, trátase “dunha mellora integral dun complexo deportivo que suporá unhas instalacións remodeladas, ampliadas e modernizadas, en consonancia cunha actuación pública orientada á dotación de infraestruturas axeitadas para a promoción da práctica de actividade polideportiva e de actividade física entre o conxunto da poboación”.

O mandatario galego fixo un repaso ás distintas fases do proxecto do Complexo Deportivo de Monterrei lembrando que a obra realizada na zona deportiva - pump track indoor para bicicleta

BTT e deportes urbanos, unha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas e ampliación da cuberta da pista de atletismo- xa se atopa en pleno funcionamento e foi inaugurada polo presidente da Xunta o pasado 22 de marzo. Esta fase contou cun orzamento de 1,1 millóns de euros.

Ademais, tamén informou da licitación da redacción do proxecto de execución do parque acuático do que se derivan, á súa vez, dous proxectos de execución, para a fase 1 (entregado



Lete Lasa informando no Parlamento galego.

neste mes de abril) e para as fases fases 2, 3 e 4 (que se entregará no mes de xuño). A obra da primeira fase estará rematada no 2022 e o seu importe ascenderá a 5,5 millóns de euros. Estas obras consistirán na execución do edificio principal de servizos

e acceso, unha zona acuática infantil, unha zona de tobogáns e piscinas, e os edificios de servizos. Rematada esta primeira fase, as seguintes serán executadas sucesivamente, segundo se concrete no proxecto de execución das fases 2, 3 e 4.

O PSdeG insta á Xunta a cubrir Pediatría e Fisioterapia en Pereiro



Xa está en servizo o aparcadoiro no centro de saúde.

O PSdeG-PSOE de Ourense, a través das representantes socialistas no Parlamento de Galicia, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega presentaron unha proposición non de lei en pleno e na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na que lle solicitan ao Parlamento que inste á Xunta de Galicia a que a “maior brevidade posible” proceda a cobertura do servizo de pediatría e do servizo de fisioterapia no centro de saúde de Pereiro de Aguiar. As socialistas critican que seis meses despois

de presentar iniciativas neste senso o goberno galego “nada fixo para dar cobertura destes servizos esenciais a un municipio no que as cartillas seguen crescendo”.

A parlamentaria autonómica, Carmen Rodríguez Dacosta, subliña que “vémonos na obriga de reincidir neste tema por canto o servizo de pediatría, tan necesario entre a poboación de Pereiro de Aguiar, e cuxa posta en marcha se prometera polo Goberno galego xunto co servizo de fisioterapia, e aínda non están operativos”. E de

facen constar que o Concello de Pereiro conta cunha poboación de 6.275 habitantes e o centro de saúde ten adscritas 3.500 tarxetas sanitarias aproximadamente, das cales 275 pertencen a menores de 14 anos. “Xa é hora de que a poboación de Pereiro teña uns servizos sanitarios dignos e acordes ao que precisan”, afirma a deputada socialista, que tamén fai fincapé “nas promesas incumpridas polo señor Feijóo e que fan que a veciñanza sega agardando por servizos que prometeu a bombo e platillo”.

O Pereiro de Aguiar aproba un orzamento de 5,5 millóns



Luis Menor Pérez alcalde do Pereiro de Aguiar.

A corporación municipal de Pereiro de Aguiar aprobou o orzamento de 5,5 millóns de euros para o actual exercicio económico de 2021. “As medidas de protección social, apoio as familias, políticas de igualdade e a educación supoñen mais de 1.5 millóns de euros. A loita contra a covid-19 recolle, ademais dous gastos sanitarios e de prevención da pandemia, liñas de axudas a actividades que tiveron que pechar e as familias, que xa activásen se ou pasado ano, e que se consolidan neste orzamento. Para a reactivación económica e

mellora dous servizos aos veciños adicanse 715.000 mil euros que se suman aos 832.000 mil aprobados en febreiro xa en execución para superar unha investimento de mais de 1.5 millóns neste ano”, di o alcalde Luís Menor Pérez.

Aumenta o servizo de “Axuda non fogar”, con case cen usuarios e con catro traballadores máis, sendo 27 no persoal. Tamén consolida o programa “Xantar na casa” iniciado en plena pandemia. No Centro de Información á Muller inviste 700.000 euros e crea dous novos postos de traballo.

Monforte presenta a nova maquinaria para limpeza viaria

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, presentou a nova flota de vehículos e maquinaria destinados á limpeza viaria tanto da zona urbana como das parroquias de Monforte. No acto estivo acompañado polo director da Delegación Noroeste de FCC Medio Ambiente, Ernesto Barrio, a primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, e o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Losada.

A adquisición destes novos elementos de limpeza viaria son froito das negociacións do alcalde coa empresa FCC Medio Ambiente, que supuxeron a renovación do contrato para a recollida e transporte de residuos urbanos e limpeza viaria do municipio.

Deste xeito, “presentamos hoxe un total de 10 vehículos e 16 equipos e maquinaria de limpeza, a partida máis importante adquirida en Monforte para renovar o servizo de limpeza viaria, cunha inversión 914.611,38 €” destacou José Tomé Roca.

A presentación serviu tamén para dar a coñecer a nova imaxe corporativa coa que se rotularon



Presentación na explanada da Compañía.

os novos vehículos e equipamentos adquiridos, imaxe deseñada polo equipo de goberno monfortino. O novo deseño corporativo inclúe a fotografía do conxunto de San Vicente e a Torre da Homenaxe, que está enmarcada polo lema “Monforte Limpo. Patrimonio de todos”.

Entre as melloras acadadas a empresa concesionaria xa levou a cabo, dende principios deste ano 2021, a renovación de 297 papeleiras da cidade, por 43.938 euros, e a instalación en todo o Concello de 3.880 novos cubos e colectores de lixo, cunha inversión de 298.817,59 €. Coa inversión

en vehículos e equipos presentada hoxe, supéranse os 1,2 millóns de euros (1.257.366,97 €) en melloras desenvoltas polo Concello no servizo de limpeza viaria e recollida de lixo na cidade.

O contrato de prórroga contempla a renovación da totalidade da maquinaria inicialmente adquirida para a prestación do servizo. Ademais contemplouse a incorporación de varios equipos psrs poñer en marcha novos servizos, que puideran complementar e mellorar os servizos xa existentes, como son o decapado de pavimentos e a limpeza de maleza en camiños municipais.

Posto en marcha o Programa de Compostaxe Doméstico

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, destacou na apertura do “Programa de Compostaxe Doméstico do Concello de Monforte”, o éxito de participación no mesmo, logo de que se anotaran 115 persoas. Deste xeito, ós 50 composteiros aportados por Sogama, engádense 65 adquiridos polo propio Concello.

Tomé salientou o alto grado de concienciación do Concello de Monforte co medio natural, que se exemplifica nas importantes actuacións de mellora postas en marcha nos pasados meses en canto a equipamento de recollida de residuos do municipio. Ademais, en anteriores campañas, dende o Concello xa foran repartidos 193 composteiros; coas 115 unidades que foron entre-

gadas hoxe son máis 300 composteiros os que se levan distribuído entre os veciños e veciñas de Monforte.

Tomé recordou tamén que o Concello dispón, no Parque da Pinguela, de catro composteiros comunitarios que reforzan o traballo que dende a Concellería de Medio Ambiente desenvolvemos a prol da reciclaxe e da redución de residuos.

Os participantes neste novo programa de compostaxe do Concello disporán tamén dun servizo de asesoría permanente para resolver as dúbidas que lles poidan xurdir en canto ó uso do composteiro. Para recibir máis información, poden contactar co técnico municipal de Medio Ambiente no teléfono 628 115 309.

O alcalde ensalza a consolidación do Polígono do Reboredo

José Tomé Roca, alcalde de Monforte e a xerente de “Suelo Empresarial del Atlántico” (SEA), Beatriz Sestay Doce, reuníronse no Concello para analizar os últimos avances logrados no Polígono industrial de O Reboredo, un dos 13 que xestiona en Galicia esta empresa pública, dependente do Ministerio de Transportes. En roda de prensa expresaron a súa satis-

facción pola dinámica do polígono nos últimos tres anos, que permitiu que só queden 8 parcelas dispoñibles, trala venda de ata 12 parcelas nese período. O exercicio 2021, sinalaron, demostrou a consolidación do área industrial de Reboredo no que se pecharon tres operacións de preto de 30.000 metros cadrados de superficie por importe de 349.000 euros.

A Praza de Abastos de Monforte conta cun novo posto de peixería

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, anunciou a apertura do novo posto de peixería da Praza de Abastos, a cargo da empresa Da Lonxa ao Prato, S.L., con sede en Santa Uxía de Ribeira e que ten como actividade a venda de peixe, marisco e produtos elaborados procedentes da pesca artesanal da frota de baixura galega.

A Lonxa de Ribeira na ría de Arousa, unha das principais lonxas galegas e das máis importantes en pesca de baixura de Europa, constitúe a orixe da maior parte dos nosos peixes e mariscos. Os produtos cos que traballa esta empresa proceden directamente



Praza de Abastos en Monforte.

da pesca artesanal e da frota de baixura da costa de Galicia. Trátase de produtos cunha trazabilidade totalmente garantida, mediante etiquetas nas cales se

mostra a súa orixe, método de captura, especie... O cliente incluso pode coñecer o nome da embarcación que capturou o produto que leva á súa mesa. No ano 2019, a empresa conseguiu o selo de identidade oficial da Xunta “PescadeRías ¿de onde se non?”, que identifica as especies procedentes da pesca e marisqueo artesanal de baixura de Galicia, unha pesca que é sostible e respectuosa cos mares. Como demanda de marca, os produtos terán que cumprir co estricto requisito de frescura, calidade e cadea de frío, que garante un máximo de 24 horas entre a captura e a primeira venda.

Sarabela Teatro representou “A lingua das bolboretas” en Monforte

Dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios correspondente ó primeiro semestre de 2021, o 22 de abril no edificio multiusos celebrouse a posta en escena da quinta das obras previstas para público adulto: A lingua das bolboretas, da compañía Sarabela Teatro.

A seguinte obra do ciclo de

teatro para adultos programado polo Concello de Monforte, sempre que as circunstancias sanitarias o permitan, será O mozo da última fila da compañía Redrum Teatro que terá lugar o xoves 27 de maio ás 20:15 horas no mesmo escenario, sendo o prezo da entrada xeral de cinco euros e de tres euros para estudantes, desempregados e xubilados.

Difusión da figura do trovador Martín de Pedrozelos

A Xunta de Galicia contribúe á difusión da figura e da obra do trobador medieval Martín de Pedrozelos no marco do programa O teu Xacobeo, en colaboración coa Asociación de Periodistas e Estudos do Camiño de Santiago (APECSA). O delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, participou en Sarria na presentación da exposición itinerante que promove este colectivo e financia o Goberno galego con 14.600 euros. Trátase dunha mostra didáctica que recolle as dez cantigas, nove de amigo e unha de amor, desta importante figura da lírica medieval galegoportuguesa que, a dicir dalgunhs investigadores, foi orixinario de Samos.

A exposición comezará o seu percorrido en Sarria, entre o 7 e o 21 de maio, de onde pasará a Lámara; en xuño visitará Paradela e Triacastela; en xullo estará en Samos e O Incio; en agosto no Courel e Portomarín, e en setembro en Pedrafita do Cebreiro.



Haberá exposicións ata setembro.

A iniciativa O teu Xacobeo, que depende da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, persigue que a celebración deste Ano Santo sexa máis participativa e chegue a todo o territorio. Arias sinalou que as dúas edicións do programa impulsan na provincia de Lugo 96 proxectos socioculturais que mobilizan máis de 2 millóns de euros.

No conxunto de Galicia, de-

senvolveranse máis de 400 propostas nas que a Xunta está a investir preto de 8 millóns de euros. “Estas achegas -asegurou Arias- permiten sumar centos de accións como esta exposición, que non só poñen en valor o contexto universal do Camiño, senón que amosan toda a riqueza da nosa terra, esa Galicia tan plural e tan rica que esconde, en todos os currunchos, verdadeiras xoias”.

Os bombeiros de Viveiro xa teñen equipo de excarceración



Reforzaranse os medios de salvamento e rescate en situacións de emerxencia.

O Consorcio provincial para a Prestación do Servizo Contraincendios e Salvamento de Lugo, no que participan ao 50% a Xunta de Galicia e a Deputación, entregou un equipo de excarceración ao parque de bombeiros de Viveiro para levar a cabo actuacións de salvamento e rescate.

O novo equipamento tivo un orzamento de 44.000 euros e servirá para responder en situacións de emerxencia como accidentes de tráfico con persoas atrapadas, rescates en espazos

confinados ou estruturas colapsadas. O equipo está composto por unha bomba a motor, dúas cizallas hidráulicas, tres manigueiras, dous cilindros telescópicos, un separador hidráulico, unha estación de ferramentas, un sistema de protección de airbag e un escudo protector.

A Xunta e a Deputación colaboran no funcionamento dos seis parques comarcais de bombeiros da provincia de Lugo que dependen do Consorcio: Barreiros, Viveiro, Vilalba, Chantada, Sarria e Monforte de Lemos.

A igrexa de San Martiño de Lousada, en Samos, foi restaurada

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade finalizou as obras de restauración da igrexa de San Martiño de Lousada, en Samos, tras investir preto de 200.000 euros nos traballos, executados durante os últimos seis meses. O proxecto técnico contemplou a mellora da accesibilidade nos espazos exteriores do adro; a renovación da cuberta, conservando a tipoloxía e o material -madeira de castiñeiro e lousa-; así como a restauración do campanario e os sinos.

Tamén se procedeu á consolidación das fábricas, tanto de muros como de arcos, para devolver a correcta funcionalidade estrutural ao inmovible; cambiáronse as instalacións eléctrica e de iluminación e acometéronse as actuacións precisas para mellorar o illamento. O



Na igrexa xa se pode ter culto.

delegado da xunta destacou que a actuación serviu para corrixir deficiencias e evitar o deterioro do templo. Executouse a través dun convenio de colaboración coa Diocese de Lugo, que inclúe a restauración de diferentes inmoebles eclesiásticos da provincia.

A igrexa de San Martiño de Lousada é un ben catalogado

protexido polo seu valor cultural ao estar incluído no Inventario das Normas Subsidiarias Provinciais de 1991. É un edificio de orixe románica, de volume sinxelo e pouca ornamentación. No interior consérvase unha pía bautismal de granito, con conca e pilastra, así como restos de pinturas murais popular nos arcos.

A Deputación aproba as bases do XL Premio Blanco Amor de novela longa

O Goberno da Deputación de Ourense aprobou as bases do XL Premio Blanco Amor de novela longa, dotado con 15.000 euros e no que a institución provincial conta coa colaboración da Fundación que leva o nome do escritor ourensán. Tamén se aprobou o plan de anual de publicacións cun orzamento de 100.000 euros, o concurso para a selección de obras para a súa edición ou coedición, e achegas en materia de cooperación a concellos, entidades sociais e o programa EmpredOU por un importe superior a 104.000 euros.

Na XL edición do Premio Blanco Amor poderán participar persoas de calquera nacionalidade con novelas escritas en lingua galega e inéditas. O prazo para presentar orixinais remata o 14

de setembro, data que coincide co 121º aniversario do nacemento do escritor. Para escoller a obra gañadora, a Deputación e a Fundación Eduardo Blanco-Amor nomearán unha comisión lectora que, composta por tres persoas de acreditada experiencia no ámbito literario, puntuará os orixinais antes de ser presentados ao xurado, que á súa vez estará integrado por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega, e que presentarán o seu fallo na segunda quincena de novembro. A entrega do premio, dotado con 15.000 euros e unha peza escultórica, terá lugar un acto literario organizado pola Fundación Eduardo Blanco Amor o mércores 1 de decembro de 2021, data do 42º cabodano do falecemento do autor de A Esmorga.

Mellora de camiños que beneficiarán ás 22 parroquias de Sober

Con cargo ao Plan Único execútanse obras por 225.000 euros, con cargo ao Plan Marco da Consellería de Medio Rural invístense 140.000 euros, no Plan Infraestruturas Rurais inclúense obras por importe de 100.000 euros e con fondos propios do Concello arredor de 125.000 euros. Entre as obras xa rematadas están os accesos a Mourentán e O Souto de Vilachá en Doade; Santo Tirso e Cantón en Amandi; O Rodeiro e Abanante en Lobios; As Gándaras en Pinol; Moreda en Vilaescura, Carboeiro, Os Cancelos e A Pena en Gundivós; Corvelle e A Carqueixa en Proendos; A Vacariza en Neiras; Camporrairo e as rúas da Panadería e a Fábrica en Canaval, Nogueira, A Mogueira, A Burdalla e A Cigueñeira en Anllo; San Paio, A Paixón e a estrada de Matamá a Arxemil en San Mar-



Todas as parroquias do Concello serán beneficiadas.

tiño; Ferrón, O Piñeiro, Villoriz e de Santa Marta a O Pinar en Bolmente; así como o camiño dende a igrexa de Barantes a Suairexa.

Próximas obras

Nos próximos días faranse, entre outras, as obras de acondicionamento de O Ventorrillo a O Fervedón e os accesos a O Roxo en Neiras; os accesos a Travesa e As Cortiñas en Amandi; dende

As Casas ata A Veiga en Figueiroá; o camiño de O Pital en Bulso, accesos a San Xis, Piantes e Gandarela en Brosmos, Vaz en Vilaescura, O Castro en Liñarán, os accesos a Fervenxa e Cuñas en San Martiño de Anllo, Cima de Vila e estrada de Santa Marta a Villoriz en Bolmente, así como a estrada dende a igrexa ata Barantes de Abaixo.

Sober fomenta a utilización do punto limpo



Punto de información á veciñanza.

O Concello de Sober colocou un stand informativo na Praza do Concello para informar á cidadanía sobre o novo servizo de punto limpo ambulante. A través deste servizo ofrécese a posibilidade aos veciños do municipio de depositar os residuos de forma axeitada. Ademais, ao longo da xornada fomentouse a cultura da reciclaxe entre os asistentes e para facer entrega de bolsas reutilizables.

O punto limpo móbil, adquirido co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, disporá dunha ruta coa que se garantirá o acceso ao servizo por parte da veciñanza. Poderanse depositar residuos como pilas, fluorescentes, tóner e cartuchos de impresora, así como pequenos electrodomésticos e outros residuos de pouco volume e difícil reciclaxe.

IV Plan de Igualdade do Concello de Lugo con achegas de colectivos sociais

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, presentou o borrador do IV Plan de Igualdade do Concello de Lugo 2021-2025, que recolle as estratexias e a folla de ruta coa que “seguiremos a impulsar intervencións públicas directas e no marco das nosas competencias para acadar unha cidade respectuosa, feminista e cun modelo de convivencia que se basee na igualdade de oportunidades para a muller”. Destacou a importante participación da sociedade civil de Lugo neste documento, “cuxo papel no deseño das estratexias na loita pola igualdade é decisoria, así como o é e será na súa aplicación e na transformación da sociedade a través da educación e de crear conciencia”. Neste senso, destacou que se presentaron máis de 130 achegas ao Plan través do grupo focal que se creou, integrado por numerosos colectivos e asociacións, sindicatos e a Universidade.



Ademais, na elaboración e no diagnóstico tamén participou a Comisión de Transversalidade, composta polas distintas áreas municipais, concelleiros e traballadores, “xa que as iniciativas en favor da igualdade deben aplicarse no conxunto das accións que desenvolvamos como Concello, asumindo que, aínda que estas se definen co obxectivo de mellorar a calidade de vida de toda a poboación, afectan de maneira distinta a mulleres e a homes debido ás súas diferentes condicións de vida”, sostivo Lara Méndez.

Medidas e obxectivos

Este Plan de Igualdade, que xorde dun completo diagnóstico,

recolle un total de 72 medidas e 28 obxectivos específicos que se enmarcan en 9 eixos de actuación: transversalización da perspectiva de xénero na Administración; promoción do asociacionismo e a participación das mulleres; sensibilización en materia de igualdade de oportunidades, violencia de xénero, trata, explotación sexual e todas as formas de violencia machista, incluída a violencia sexual; educación; emprego; conciliación e corresponsabilidade; cultura e deportes e saúde, urbanismo, mobilidade e vivenda.

Respecto aos plans anteriores, introduce como novidade no seus eixos o de ‘saúde, urbanismo, mobilidade e vivenda’, co fin de reforzar a perspectiva de xénero na mobilidade e seguridade cidadá, mellorar o acceso á vivenda de mulleres en situación de vulnerabilidade e impulsar a difusión de información para contribuír á mellora dos recursos sobre patoloxías exclusivamente femininas.

A Hidrográfica proxecta a mellora do saneamento de Sarria

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil, somete a información pública (IP) o “Proxecto de construción de actuacións de mellora do saneamento e da EDAR de Sarria (Lugo), actuación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020. O período de información pública, 20 días hábiles, irá do 22/04/2021 ao 20/05/2021 (ambos inclusive).”, tal e como publican o BOP de Lugo do mércores, 21 de abril, e o BOE do luns, 19 de abril de 2021.

A actuación consiste na substitución do colector da marxe esquerda do río Sarria desde a Rúa Calvo Sotelo ata a Rúa Greco e un tramo do colector xeral desde esta última ata o novo dispositivo de retención, que servirá para controlar o caudal de entrada á depuradora, executando así un total de 1.000 me-



tros de colector. Na EDAR instalaranse novos equipos e actualizaranse os existentes para mellorar o seu funcionamento. As obras serán cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e serán licitadas por un valor de 2.435.845,49 €. O prazo de execución estímase en 12 meses.

Coles acondiciona a contorna do pavillón deportivo, o velorio e o campo de fútbol

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou xunto ao delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, as melloras levadas a cabo para recuperar varios espazos degradados no Concello de Coles. Recibiunos o alcalde Manuel Rodríguez Vázquez. Trátase de actuacións de acondicionamento na contorna que rodea ás instalacións municipais do pavillón deportivo, o velorio e o campo de fútbol municipal, no que a Xunta investiu o ano pasado 32.000 euros, ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

Natalia Prieto destacou que os traballos realizados supuxeron unha mellora do entorno, facilitando o desfrute destes terreos municipais, e dos que ata agora non podían facer uso como área de espaxamento e ocio debido á súa degradación e contaminación. Deste xeito, tamén se contribúe á recuperación ambiental destes espazos e á conservación do medio ambiente.

Para iso, substituíronse pavimentos en mal estado e retirouse o material e os residuos que provocan un deterioro do entorno, así como a recollida de augas pluviais para evitar a acumulación

de auga e a creación dunha rede de sumidoiros.

Esta axuda forma parte dos máis dos 246.200 euros destinados nos últimos anos pola Xunta ao concello de Coles mediante o Fondo de Compensación Ambiental ou a Orde de Infraestruturas de uso público. A través deste fondo tamén se concederon varias axudas para a mellora da eficiencia enerxética da Mancomunidade de municipios de Santa Águeda, da que forma parte o concello de Coles, xunto con Amoeiro, Vilamarín e A Peroxa.

Nesta liña, a directora xeral de Administración Local incidiu



Natalia Prieto co alcalde Manuel Rodríguez Vázquez.

na importancia da colaboración da Xunta e os concellos para levar a cabo proxectos en beneficio dos cidadáns, e tamén entre as propias entidades locais coa xestión compartida de servizos para aforrar custos.

En canto ao Fondo de Compensación Ambiental, o Goberno

galego destina este ano 11 millóns de euros a esta liña de axudas que financia actuacións nos concellos dirixidas ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sustentabilidade, da biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos de Galicia.

A Xunta rehabilitará a reitoral de Santa Comba de Bande

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, visitaron a casa reitoral de Santa Comba de Bande, onde o Goberno galego vai levar a cabo unha rehabilitación integral que supón un investimento de 424.000 euros. O vicepresidente destacou a importancia de recuperar este edificio, que encaixa co modelo turístico de Galicia, baseado na sostiñibilidade e a calidade. Así, incidiu no potencial turístico do concello e na súa aposta por este modelo de turismo que axuda á dinamización da economía e a fixar poboación no rural.

As actuacións neste edificio anexo á igrexa de San Trocado ou Santa Comba contribuirán á eliminación de barreiras para os visitantes e á mellora da calidade do entorno lindeiro co templo visigótico. Deste xeito, a Xunta pretende poñer en valor este tesouro arquitectónico co obxectivo de atraer visitantes a través do fomento do turismo cultural e sostible.

Hispanovisigoda

De feito, a igrexa de San Trocado ou Santa Comba de Bande é probablemente o edificio visigótico



Alfonso Rueda e Román Rodríguez, na casa reitoral de Santa Comba de Bande.

mais completo da comunidade e un dos mellores exemplos de arquitectura hispanovisigoda da Península Ibérica. Ademais, o municipio conta tamén o Centro de Interpretación do conxunto arqueolóxico Aquis Querquennis, un dos principais atractivos turísticos da zona. Tamén pertence ao parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés e conta coa ruta cultural do Camiño de San Rosendo.

Por iso, Alfonso Rueda sinalou a importancia de levar a cabo actuacións como esta rehabilitación para "ofrecer a mellor cara e imaxe de Galicia" a turistas e peregrinos que visiten a comunidade cando a situación sanitaria o permita, ao igual que se está a facer nos albergues e nas distintas rutas xa-

cobeadas. Ademais, a Xunta aposta por fomentar Galicia como destino seguro para recuperar a confianza dos viaxeiros a través de medidas como o seguro coronavirus.

Pola súa banda, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, salientou o incremento do 19% que este ano realiza a Xunta na mellora do patrimonio cultural, entendéndoo como dos piares fundamentais da identidade de Galicia e motor económica. Destacou tamén a importancia dos traballos na Reitoral de Santa Comba de Bande, que porán en valor a riqueza patrimonial da igrexa de San Trocado, un dos 748 Bens de Interese Cultural (BICs) cos que conta Galicia.

A escritora Antía Yáñez clausura o programa 'Encontros coa autora'



Antía Yáñez.

A escritora Antía Yáñez achegouse ao CEIP Seixalbo para participar na última das sesións do programa de fomento da lectura 'Encontros coa autora', organizado pola Concellería de Educación, no que participaron preto de 1.000 escolares de 5º curso de Educación Primaria (10 anos). O libro escollido este ano foi Plan de rescate (Ed. Xerais). O programa é unha iniciativa didáctica para o fomento da lectura, un dos piares das actividades complementarias da área de Educación. Antes do Nadal en-

tregáronselles os libros aos centros escolares inscritos nesta actividade para a súa lectura, un exemplar para cada neno/a.

Despois veu o traballo na aula, coa axuda de 45 docentes. A segunda parte da actividade foi o encontro coa autora do libro, onde se debateu o argumento, formato, temática. A diferenza de edicións anteriores, este curso foi a propia autora a que se moveu nos últimos cinco meses polos distintos centros, como marcan as normas sanitarias, evitando así mesturar o alumnado.

Hostaleiros obteñen axudas para terrazas e venda a domicilio

Un total de 204 establecementos de hostalería da provincia de Lugo beneficianse do programa de axudas para o acondicionamento de terrazas e a compra de elementos de envasado para domicilio posto en marcha pola Vicepresidencia económica a Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que as axudas suman un importe total de 1.655.600 euros, e supoñen o 80% do orzamento mobilizado polos hostaleiros (2.069.500 euros).

A maior parte do investimento realizado destinouse á instalación

de peches estables ou desmontables así como outros elementos móbiles tales como toldos, biombo, cortaventos, parasoles e tarimas accesibles. En concreto, mobilizáronse para este fin 1,2 millóns de euros. Máis de medio millón de euros (529.200 euros) investíronse na adecuación estética e funcional das terrazas, mediante a renovación do mobiliario, instalación de sistemas de iluminación e de aparatos calefactores exteriores, así como actuacións de mellora da fachada exterior do local. Por último, 279.400 euros foron destinados á adquisición de elementos sostibles de envasado e empaquetado de comida e bebidas para o servizo de entrega a domicilio ou de recollida no propio local. A cidade

de Lugo concentra preto da cuarta parte dos apoios, con achegas que suman 400.615 euros para 63 establecementos beneficiados que realizaron investimentos por importe de 500.770 euros.

Plan de rescate

Javier Arias gabou “o esforzo de adaptación que están a realizar os hostaleiros para poder exercer a súa actividade de xeito seguro, atendendo ás medidas sanitarias que seguen resultando imprescindibles para frear a pandemia”. O delegado destacou “a responsabilidade” coa que actúa o sector e sinalou que a Xunta “colaborou coa hostalería dende o primeiro momento e continúa realizando un esforzo orzamentario para axudarlles a superar os prexuízos que



Javier Arias informou aos hostaleiros.

lles causa esta situación”.

Neste sentido, o delegado lembrou que a Consellería de Emprego e Igualdade publica no Diario Oficial de Galicia (DOG) a ampliación de crédito do segundo Plan de rescate, co que o orzamento inicial de 75 millóns de euros elévase ata os 96 millóns, para da liquidez a todos os negocios afectados pola pandemia.

A Consellería acomete este in-

cremento orzamentario para dar resposta ao volume de solicitudes presentadas, prestando un apoio fundamental para que os empresarios afectados poidan saír da crise e adaptarse á nova normalidade, mantendo a actividade e os postos de traballo. Con esta nova contía, a Xunta terá mobilizados 182 millóns de euros en axudas directas ao tecido empresarial mediante dous plans de rescate.

José Paz reúnese con Tagore

Falece o pedagogo, profesor e intelectual ourensán José Paz Rodríguez, colaborador de Novas do Eixo Atlántico


Por Miguel Ángel Martínez Coello

José Paz, representa a figura máxima de “humanista”, forxada pola súa traxectoria vital ao abrazar a filosofía e doutrina de Tagore.

Unha vez máis os que mal gobernan miraron para outro lado e a ilusión de que a súa biblioteca queda en Ourense, así como o recoñecemento á súa gran obra e fundación da Casa de Ourense na India, non se tiveron en conta. Vese que nesta casa ser culto está mal visto.

A cesión da súa biblioteca á Casa da India de Valladolid, foi o resultado de múltiples xestións que fracasaron, encamiñadas á doazón da súa biblioteca e legado prioritariamente á cidade das Burgas, logo á Cidade da Cultura na que desexaba incorporar a súa colección de cinema.

Tamén quedou patente o interese da India por trasladar á facultade de Visva- Bharati en Santiniketon este inmenso tesouro, lugar onde irán se a Casa da India



Debuxo de Tagore e de José Paz, por Martínez Coello.

de Valladolid desaparecese.

Sente envexa de Vicente Risco que foi dos poucos galegos que puideron asistir a unha das conferencias que Robindronath Tagore deu en Alemaña e ao que lle fixo un retrato a plumilla. Conta orgulloso como o propio presidente da India, Pronab Mukherjee,

tivo unhas palabras para el e a súa colección nun discurso dirixido ao Rey de España.

Unha vez máis a cultura irase río abaixo polo vello Ganges ou polo calado Miño buscando o mar que lle dará universalidade e grandeza como espello do sol e reflexo as estrelas.

Sinatura de libros

EDICIONS POSITIVAS

FEIRAS DO LIBRO de GALICIA 2021

SANTIAGO

8 - 17 DE MAIO

ESTHER F. CARRODEGUAS
32m²
Malcriada
8 maio
13,00 h.

RAMÓN ÁREA
Camiño negro
11 maio
19,00 h.

PATRICIA A. JANEIRO
Ruciro da cidade escura
11 maio
20,00 h.

ARANCHA NOGUEIRA
#hashtags para un espazo/confinamento agónico
16 maio
19,00 h.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com